

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 24 DE MAIO DE 2022 DA
UNIVERSIDADE DE VIGO, POLA QUE SE PUBLICAN AS
LISTAXES DEFINITIVAS DE PERSOAS SELECCIONADAS NO
MARCO DA CONVOCATORIA DE PRAZAS DE INTERCAMBIO
PARA O CURSO 2022-2023 EN VIRTUDE DOS CONVENIOS DE
INTERCAMBIO ASINADOS CON UNIVERSIDADES EN PAÍSES
EXTRACOMUNITARIOS**

Publicada a Resolución Reitoral do 12 de maio de 2022 coas listaxes provisionais de persoas candidatas seleccionadas da convocatoria de prazas de intercambio en países extracomunitarios para o curso 2022-2023 esta Reitoría

RESOLVE:

Publicar a listaxe definitiva de persoas seleccionadas co destino adxudicado que figuran no Anexo I.

A concesión da praza da Universidade de Vigo queda condicionada á:

- Presentación da aceptación da praza na sede electrónica da Uvigo, no modelo colgado xunto con esta resolución, no prazo de 5 días hábiles.
- Admisión do/a estudante por parte da universidade de destino. O estudantado debe enviar a documentación solicitada pola universidade de destino nos prazos establecidos polas institucións estranxeiras.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativo.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O REITOR
Por Delegación (R.R. do 26/05/2020)
DOG 04/06/2020
A vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización
e Cooperación

Esta resolución está asinada dixitalmente por
María Isabel Doval Ruiz